

Edicto

APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 19 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA DO DOMINIO PÚBLICO. (CÍVIDAS 2020014413)

Anuncio aprobación provisional

O Pleno do Concello de Ferrol, en sesión celebrada o día 28 de maio de 2020, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza número 19 reguladora da taxa por ocupación por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa do dominio público (BOP nº 248 de 29/12/2014), polo que, de conformidade con o establecido nos artigos 70.2 e 107 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como no artigo 17 do RD Lex.2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese dita aprobación a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Ferrol. O prazo citado comezará a contar a partir da derradeira das publicacións realizadas.

Durante este prazo poderán consultar o expediente e presentarse as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas, entendéndose definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo expreso polo Pleno do Concello no suposto de que, no prazo sinalado, non se tivera producido ningunha reclamación ou suxerencia, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de xeito íntegro entrando en vigor na data da súa publicación definitiva.

Ferrol, na data da sinatura dixital

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP nº 137 de 22/07/2019)